

**ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA**
OCUPESCA
ANO 2013

XUNTA DE GALICIA



**ENQUISA SOBRE A POBOACIÓN OCUPADA NOS SECTORES
DA PESCA E DA ACUICULTURA MARIÑA EN GALICIA
OCUPESCA
ANO 2013**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

Santiago de Compostela

2015

Servizo de Análise e de Rexistros
Secretaría Xeral do Mar
Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 547 468
Fax: 981 544 740
Correo electrónico: sarex.mar@xunta.es

Elaboración:
Servizo de Análise e de Rexistros

Entidades colaboradoras:
Instituto Galego de Estatística (IGE)
Sivsa, Soluciones Informáticas S.A.

Traballo de campo:
Instituto Sondaxe, S.L.

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería do Medio Rural e do Mar

Deseño e maquetación:
Olivomedia, s.l.

Agradecementos:

A todas as persoas enquisadas dos sectores galegos da pesca e da acuicultura mariña que facilitaron a información necesaria para obter os resultados da presente publicación.

ÍNDICE

PRÓLOGO

INTRODUCCIÓN

METODOLOXÍA

PRINCIPAIS RESULTADOS:

Capítulo 1.

DATOS DE OCUPACIÓN NO SECTOR DA PESCA EXTRACTIVA. Ano 2013

- 1.1.- Ocupación por estrato
- 1.2.- Ocupación por xénero, idade e nacionalidade
- 1.3.- Distribución xeográfica da ocupación
- 1.4.- Repartición da ocupación por situación profesional

Capítulo 2.

DATOS DE OCUPACIÓN NO SECTOR DA ACUICULTURA MARIÑA. Ano 2013

- 2.1.- Ocupación por estrato
- 2.2.- Ocupación por xénero, idade e nacionalidade
- 2.3.- Repartición da ocupación por situación profesional

Capítulo 3.

DATOS ECONÓMICOS DOS SECTORES DA PESCA EXTRACTIVA
E ACUICULTURA MARIÑA. Ano 2012

PRÓLOGO

POÑENDO CIFRAS Á DIMENSIÓN CUALITATIVA DO MAR DE GALICIA: OCUPESCA 2013

Coma se dunha pequena aldea se tratase, as xentes que dedican a súa vida a traballar no mar coñécense e saben uns doutros coma se fosen unha gran familia que forman máis de 11.700 persoas. Indo máis alá, as conversas dos peiraos versan en numerosas ocasións sobre mareas de pescas abundosas e costeiras que deixaban e deixan rendementos económicos positivos para o tecido social do mundo do mar.

Ademais, a nosa fama de xente do mar transcende alén das nosas fronteiras. Todos coñecen Galicia, os seus portos e os seus barcos e, sobre todo, os seus mariñeiros. Lonxe de opinións persoais, a concordancia sobre o saber facer e os coñecementos marítimo-pesqueiros galegos están fóra de toda dúbida e póñense de relevo todos os días en todos os mares do mundo.

Sabemos moito e temos moitas mostras da dimensión cualitativa da pesca, do marisqueo e da acuicultura galegas. Pero estamos aprendendo e coñecendo cada vez máis sobre a dimensión cuantitativa de forma rápida e decidida, sabedores de que este respaldo en cifras á cara cualitativa do mar de Galicia pode ser o complemento ideal para abordar negociacións, propostas, inquedanzas e necesidades do noso sector marítimo-pesqueiro.

Nese valor e intención de poñerlle cifras á dimensión cualitativa do mar de Galicia xorde Ocupesca. Poñer negro sobre branco a dimensión socioeconómica da nosa actividade mariñeira é un feito que nace da comprensión e sensibilización sobre a importancia deste aspecto, e que reafirma a aposta que desde a Xunta de Galicia se fixo para dotar a xestión e ordenación pesqueira dun equilibrio entre o ámbito ambiental, o social e o económico.

Neste Ocupesca 2013 facemos un referendo desa aposta e gañamos terreo no coñecemento do noso sector, e afondamos na busca e cuantificación de máis aspectos sociolaborais coma a evolución do emprego, o xénero dos empregados, a idade dos profesionais do sector, a súa nacionalidade ou a antigüidade da súa dedicación aos labores de pesca e marisqueo.

Ademais, no eido económico avanzamos nese saber ao contemplar novos campos de información como a facturación de cada segmento da nosa frota, a media de ingresos por embarcación e o peso relativo de cada frota no cómputo global da nosa actividade pesqueira e marisqueira.

Porén, non se podería dar unha imaxe do mar galego sen recoller convenientemente a información do sector acuícola, e facer fincapé na definición do volume social e económico que move cada ámbito de produción, xa sexa este o sector mitilicultor, o piscícola ou o marisqueiro.

Temos, pois, ante nós un documento accesible e sinxelo onde a forza da marea socioeconómica da nosa pesca, do noso marisqueo e da nosa acuicultura empurra o noso saber facer e complementa a súa valía, de xeito que defina un elemento decisivo de cara ao futuro: o noso potencial social e económico no mundo do mar.

Tanto é así que se falamos de futuro neste eido debemos falar de Política Común de Pesca, e se falamos dos aspectos socioeconómicos neste marco debemos contemplar a necesidade de achegar máis e mellores coñecementos para decidir mellor e máis acertadamente.

Niso vainos moito aos galegos e galegas, e por iso referendamos ese equilibrio que defendemos e que recolle a nova PCP dotándonos das mellores pezas para construír un cúmulo de coñecementos do ámbito social e económico da actividade marítimo-pesqueira galega. Velaí están esas pezas con forma de táboas input-output, de plataforma estatística pescadeg Galicia.com, de anuarios de pesca e acuicultura ou de rexistro de buques.

É moito traballo e dedicación dos servizos desta Consellería do Medio Rural e do Mar e outro tanto do noso sector e dos nosos profesionais o que se plasma nestes volumes. Por iso creo que cómpre recoñecer primeiro ese labor e despois aproveitar ese traballo e facer un uso amplo deste Ocupesca 2013 sabedores de que está feito desde e a prol do noso sector marítimo-pesqueiro, desde o seu presente e para o seu futuro.

Rosa Quintana Carballo

Conselleira do Medio Rural e do Mar

INTRODUCCIÓN

A enquisa sobre a poboación ocupada nos sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia (Ocupesca) nace en 2011 cos obxectivos de coñecer a ocupación nas unidades de pesca con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, coñecer a ocupación nas unidades de acuicultura radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia e avaliar a produción e as características económicas das unidades de produción da pesca extractiva e da acuicultura.

A primeira edición desta enquisa publicouse en 2012 e nela ofrecíase información sobre a ocupación nestes sectores durante o ano 2011 e información sobre a súa facturación referida ao ano 2010.

Nesta segunda edición de Ocupesca danse a coñecer os resultados referidos á poboación ocupada nos buques con porto base en Galicia e nos establecementos acuícolas galegos durante o ano 2013 e a súa facturación económica durante o ano 2012.

Esta enquisa é unha operación estatística incluída no Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. A coordinación do proxecto, o deseño da mostra e a obtención dos resultados a partir da base de datos levouse a cabo dende a Secretaría Xeral do Mar. O traballo de campo desenvolveuno a empresa Instituto Sondaxe. O Instituto Galego de Estatística (IGE) achegou importantes suxestións á parte xeral e, de xeito máis específico, colaborou no referente ás características económicas, tanto na fase de deseño dos cuestionarios coma na obtención dos resultados.

METODOLOXÍA

A poboación obxecto de estudo está formada polo conxunto de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e as empresas que posúen establecementos de cultivos mariños na nosa comunidade de tipo bateas, parques de cultivo mariño, granxas mariñas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas. É dicir, no caso da acuicultura, a enquisa diríxese aos propietarios de empresas que posúen varios establecementos. Por este motivo os datos de tamaños de poboación e de mostras exprésanse en función do número de empresas distintas que teñen establecementos acuícolas e reflicten unha cifra menor ao número de establecementos existentes. O marco de partida empregado foi o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e a base de datos para a Xestión de Cultivos Mariños de Galicia.

Empregouse un deseño mostral estratificado con selección aleatoria da mostra dentro de cada estrato. A poboación obxecto de estudo estratificouse en función do caladoiro e da arte principal, no caso da pesca extractiva, e en función do tipo de establecemento principal, a titularidade e o número de establecementos no caso das empresas de acuicultura. Nos casos en que unha empresa tivese varios tipos de establecementos, o criterio elixido foi o de asignar a empresa ao tipo de establecemento principal entendido como aquel que achega unha maior facturación á empresa.

O traballo de campo levouse a cabo en dúas etapas: na segunda metade do ano 2013 e na primeira metade do ano 2014. Na primeira etapa, solicitábanse datos dos trimestres I e II do ano 2013 e na segunda etapa a información relativa aos trimestres III e IV do ano 2013.

Nas táboas seguintes amósanse os tamaños de poboación e de mostra da enquisa.

Táboa nº 1: Tamaños mostrais e de poboación do sector pesca extractiva

Pesca extractiva	Número de buques	
	Poboación	Mostra
Internacional - Arrastre e cerco	43	18
Internacional - Palangre de superficie	79	32
Comunitaria - Palangre de fondo	49	18
Comunitaria - Arrastre	42	22
Nacional - Arrastre	84	39
Nacional - Artes menores	4.059	353
Nacional - Cerco	152	67
Nacional - Palangre de fondo	25	18
Nacional - Palangre de superficie	58	12
Nacional - Enmalle	40	26
Total	4.631	605

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

Táboa nº 2:: Tamaños mostrais e de poboación do sector acuicultura

Acuicultura	Número de empresas	
	Poboación	Mostra
Bateas	1.998	219
Parques de cultivo	665	138
Criadeiros/granxas mariñas/liñas de cultivo/gaiolas	31	22
Total	2.694	379

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

Os cuestionarios empregados están compostos por dous módulos:

- Un **módulo de carácter xeral** que se centra en variables de ocupación. No caso da pesca estas variables refírense ao buque e consisten, entre outros, en datos de identificación do buque, do caladoiro, forma xurídica do armador, tripulación e actividade do buque, ofertas de emprego e perfil da tripulación (número de tripulantes, xénero, idade, nacionalidade, situación profesional, tipo de contrato, duración da xornada laboral, formación...). No caso da acuicultura, estas variables céntranse no perfil dos traballadores dos establecementos acuícolas. A información solicitada neste módulo ten como referencia o ano 2013.

· Un **módulo de tipo económico** que se centra nas actividades económicas referidas ao conxunto da actividade empresarial do armador (e non só a un buque) e ao propietario do establecemento acuícola. A información recollida neste módulo fai referencia ao ano 2012 (por ser este o último ano do que as empresas dispoñían da contabilidade completa no momento de comezar o traballo de campo).

Dado que a mostra é aleatoria simple en cada estrato, para obter os resultados dentro de cada un empréganse os estimadores de simple expansión. Isto significa que para estimar o número de persoas ocupadas en Galicia nun determinado estrato h emprégase:

$$\hat{X}^h = N^h \frac{\sum_i X_i^h}{n^h} = \sum_i \frac{N^h}{n^h} X_i^h$$

X_i^h é o número de persoas ocupadas na unidade i -ésima do estrato h , n^h o número unidades na mostra do estrato h e N^h o número de unidades da poboación do estrato h .

Dado que a mostra se repartiu en dúas etapas e en cada etapa se recolle información dos dous trimestres, axústanse as fórmulas para recoller esta peculiaridade. Así, prescindindo do estrato, consideramos que na etapa 1 se recollen os trimestres I e II e na etapa 2 os trimestres III e IV; o tamaño anual divídese entre dúas etapas de igual tamaño. A estimación dos ocupados nun trimestre t será:

$$\hat{X}^t = \sum_{i=1}^{nv} \frac{N}{n_v} X_i^t$$

X_i^t é o número de ocupados do buque i -ésimo no trimestre t e $n_v = \frac{n}{2}$ (no caso de que os tamaños da mostra das dúas etapas sexan iguais).

En cada etapa teremos información dos ocupados nos buques nos dous trimestres. Se quere-mos estimar a media anual de ocupados teremos que facer a media das estimacións dos catro trimestres:

$$\hat{X} = \frac{1}{4} \left(\sum_{t=1}^4 \hat{X}^t \right)$$

PRINCIPAIS RESULTADOS



PESCA EXTRACTIVA

1.1.- OCUPACIÓN POR ESTRATO

A frota de artes menores empregou 6.136 tripulantes no ano 2013

Os buques con porto base en Galicia déronlles emprego a 11.746 tripulantes no ano 2013. A maior parte deste emprego directo está xerado pola frota que pesca no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, que recolle catro de cada cinco postos de tripulante. Sinalar que os buques con autorizacións para a pesca de palangre de fondo e palangre de superficie non traballan a totalidade do ano neste caladoiro, posto que temporalmente poden pescar fóra destas augas baixo a pertinente autorización. Cómpre destacar, dentro do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, a frota de artes menores, que aglutina a máis da metade dos tripulantes totais empregados nos buques con porto base en Galicia. En concreto, acada os 6136 tripulantes no ano 2013.

Táboa nº 3: Poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca. Ano 2013

CALADOIRO	Nº buques	Tripulantes N.º	Distribución tripulantes %	Media por buque Media
	N.º			
Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste	4.418	9.211	78,4%	2,1
Artes menores	4.059	6.136	52,2%	1,5
Resto	359	3.075	26,2%	8,6
Pesqueiras comunitarias	91	1.114	9,5%	12,2
Pesqueiras internacionais	122	1.421	12,1%	11,6
Total	4.631	11.746	100,0%	2,5

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

O estrato de frota de artes menores traballa principalmente nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e é unha numerosa frota de reducidas dimensións que se dedica a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes (trasmallos, miños, palangrillos, marisqueo a flote ou diferentes tipos de nasas) que utiliza de xeito estacional en función da especie obxectivo. Este estrato que xera ocupación para o 52 % dos tripulantes ten unha media de 1,5 tripulantes por embarcación.

Os barcos dos caladoiros comunitario e internacional empregaron a 2.535 tripulantes en 2013. Dadas as dimensións destes buques e os longos períodos de marea que empregan nas súas sin-graduras, necesitan tripulacións máis numerosas. Así, a media de tripulantes por buque acada as 12 persoas, cando no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste apenas supera os 2 tripulantes por buque.

A evolución do número de tripulantes da frota galega dende a edición anterior da enquisa pode consultarse na táboa seguinte.

Táboa nº 4: Evolución da poboación ocupada na pesca extractiva por caladoiro/tipo de pesca

CALADOIRO	ANO 2013		ANO 2011		TAXA DE VARIACIÓN	
	N.º	Tripulantes	N.º	Tripulantes	N.º	Tripulantes
	buques	N.º	buques	N.º	buques	N.º
Caladoiro nacional						
Cantábrico-Noroeste	4.418	9.211	4.565	9.981	-3,2%	-7,7%
Artes menores	4.059	6.136	4.188	6.914	-3,1%	-11,3%
Resto	359	3.075	377	3.067	-4,8%	0,3%
Pesqueiras comunitarias	91	1.114	113	1.249	-19,5%	-10,8%
Pesqueiras internacionais	122	1.421	120	1.322	1,7%	7,5%
Total	4.631	11.746	4.798	12.552	-3,5%	-6,4%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013 e Ocupesca 2011

1.2.- OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

O 5,1 % dos tripulantes do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste son mulleres

Aínda que o papel da muller é de grande importancia no sector pesqueiro a través de múltiples oficios relacionados co procesado e a comercialización do peixe, a elaboración e reparación de redes ou postos de administración e xestión da pesca, dentro do mundo da pesca extractiva, a ocupación é maioritariamente masculina. Así, un escaso 4% dos tripulantes da frota pesqueira galega son mulleres. Esta realidade no sector da pesca extractiva é radicalmente oposta á situación co marisqueo a pé onde o 84,4% dos postos están ocupados neste caso por mulleres (fonte: Permisos de marisqueo a pé, www.pescadegalicia.es).

Táboa nº 5: Poboación ocupada na pesca extractiva por xénero. Ano 2013

	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias e internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	8.741	94,9%	2.532	99,9%	11.273	96,0%
Mulleres	471	5,1%	2	0,1%	473	4,0%
Total	9.211	100,0%	2.535	100,0%	11.746	100,0%


Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

A totalidade das mulleres empregadas como tripulantes dos buques con porto base en Galicia traballan en buques que pescan no caladoiro nacional e, dentro deste, principalmente nos buques de artes menores.

O 68% dos tripulantes teñen idades comprendidas entre os 35 e os 54 anos

Se nos fixamos na distribución por idades dos tripulantes ocupados na frota galega, vemos que o 68% dos tripulantes teñen unha idade comprendida entre os 35 e os 54 anos e, só un 8% supera os 55 anos. Hai que dicir, con respecto a este último grupo, que se debe ter en conta que o réxime especial do mar do Instituto Social da Mariña (ISM) permite xestionar os coeficientes redutores para os traballadores do mar e, consecuentemente, unha gran parte de poboación mariñeira opta por acollerse a estes coeficientes e adiantan a idade de xubilación.

Gráfico nº 1: Poboación ocupada na pesca extractiva por tramos de idade. Ano 2013



Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

O 85% dos tripulantes da frota pesqueira galega teñen nacionalidade española

En canto á nacionalidade dos tripulantes da frota galega, o 85% destes teñen nacionalidade española. Non é desprezable, non obstante, o peso que teñen os traballadores con nacionalidade estranxeira que representan o 15% sobre o total.


Táboa nº 6: Poboación ocupada na pesca extractiva por nacionalidade. Ano 2013

	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitaria		Pesqueiras internacional		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Española	8.228	89,3%	723	64,9%	1.028	72,3%	9.978	85,0%
Española e outra	40	0,4%	7	0,6%	26	1,8%	73	0,6%
Estranxeira	940	10,2%	384	34,5%	367	25,9%	1.691	14,4%
Ns / Nc	4	0,0%	0	0,0%	0	0,0%	4	0,0%
Total	9.211	100%	1.114	100%	1.421	100%	11.746	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

As nacionalidades estranxeiras máis frecuentes entre os tripulantes non sufriron cambios desde 2011, e atopamos nos primeiros postos: a indonesia, peruana, senegalesa, caboverdiana e marroquí. No gráfico seguinte pode verse a distribución dos tripulantes con nacionalidade estranxeira.

Gráfico nº 2: Poboación ocupada por nacionalidade e detalle da poboación estranxeira



Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

Na pesqueira comunitaria a presenza de tripulacións estranxeiras alcanza o 35% da ocupación, e é predominante a nacionalidade indonesia; en tanto, que para a pesqueira en caladoiros de terceiros países a tripulación estranxeira representa o 28% e son maioritarias as nacionalidades indonesia e peruana.

Na frota de artes menores só o 4% da tripulación ten nacionalidade estranxeira, e destacan neste conxunto os tripulantes con nacionalidade senegalesa e peruana.

1.3 - DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DA OCUPACIÓN

O 86,5 % dos tripulantes repártense entre as provincias da Coruña e Pontevedra

A distribución xeográfica da ocupación nos buques con porto base en Galicia vén condicionada pola propia distribución xeográfica da frota e polas características desta. Así, o 50,2 % dos buques teñen porto base na provincia da Coruña e dan traballo en 2013 a 5242 tripulantes (44,6% do total). No caso da provincia de Lugo, só un 4,1 % dos buques teñen porto base nesta provincia, non obstante, o peso provincial na ocupación é do 13,5 %. Isto explícase porque unha gran parte da frota que ten porto base nesta provincia son embarcacións que pescan en augas comunitarias que, como xa se viu, teñen unha ratio de número de tripulantes por barco máis elevado que o das embarcacións que pescan no caladoiro nacional.

Táboa nº 7: Poboación ocupada na pesca extractiva por provincias. Ano 2013

	BUQUES		TRIPULANTES	
	N.º	%	N.º	%
A Coruña	2.316	50,2%	5.242	44,6%
Lugo	191	4,1%	1.589	13,5%
Pontevedra	2.111	45,7%	4.914	41,8%
Total	4.618	100%	11.746	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

1.4 - REPARTICIÓN DA OCUPACIÓN POR SITUACIÓN PROFESIONAL

O 68 % dos tripulantes da frota galega traballa por conta allea

Se analizamos o peso dos traballadores por conta allea en función do caladoiro/arte de pesca, atopamos diferenzas salientables. Así, case a totalidade dos tripulantes que traballan nas frotas de caladoiros comunitarios e de terceiros países traballa por conta allea. Non obstante, no caladoiro nacional Cantábrico–Noroeste aparecen un gran número de casos de traballadores por conta propia, especialmente no estrato de buques de artes menores onde representan o 57% do total de tripulantes. Tal e como xa se comentaba en apartados anteriores, e considerando que a tripulación media por buque de artes menores está en 1,5 tripulantes/barco, é normal que o réxime de cotización ao que teñan que acollerse os propietarios/tripulantes sexa o de conta propia.

Táboa 8: Poboación ocupada na pesca extractiva por situación profesional. Ano 2013

	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias e internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	5.517	59,9%	2.508	99,0%	8.026	68,3%
Conta propia	3.633	39,4%	26	1,0%	3.659	31,2%
Outras situacións	31	0,3%	0	0,0%	31	0,3%
Ns / Nc	30	0,3%	0	0,0%	30	0,3%
Total	9.211	100%	2.535	100%	11.746	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

Entre os traballadores por conta allea, o 66% teñen un contrato indefinido. Este dato tamén é significativamente distinto en función do estrato que consideremos, xa que o estrato de artes menores é un dos que teñen unha maior taxa de temporalidade. Nese estrato, só o 45% dos contratos por conta allea son indefinidos, cando a media do caladoiro nacional é do 63%.

Táboa 9: Poboación ocupada na pesca extractiva segundo o tipo de contrato (para traballadores por conta allea). Ano 2013

Datos agregados	Caladoiro nacional		Pesqueiras comunitarias e internacionais		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Indefinido	3.499	63,4%	1.807	72,0%	5.306	66,1%
Temporal	1.898	34,4%	667	26,6%	2.564	32,0%
Ns / Nc	121	2,2%	35	1,4%	155	1,9%
Total	5.517	100%	2.508	100%	8.026	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

ACUICULTURA

2.1. OCUPACIÓN POR ESTRATO

As bateas deron ocupación a 4.052 persoas no ano 2013 en Galicia

Durante o ano 2013, a acuicultura mariña deulles traballo a un total de 5461 persoas en Galicia. Delas, 4.052 persoas traballaron nas bateas e 795 nos parques de cultivo mariño. O estrato de granxas mariñas, criadeiros, gaiolas e liñas de cultivo agrupa o restante 11% de traballadores da acuicultura galega.

As granxas mariñas caracterízanse por ser instalacións situadas en terra firme que ocupan grandes superficies, e acollen grandes cantidades de individuos en cultivo que necesitan unha subministración diaria de alimento. Isto fai que o número de traballadores ocupados por empresa con establecementos deste tipo aumente significativamente en comparación cos outros tipos de establecementos. Así, a ocupación media por empresa no estrato de "Granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas" alcanza os 19,8 traballadores por empresa. Este valor é moi superior á ocupación media nas empresas que teñen bateas ou parques de cultivo. Pola súa banda, os parques de cultivo e as bateas son establecementos situados en zonas intermareais e marítimas, con menores superficies de ocupación por establecemento, e cun alimento obtido do medio natural, a atención requirida para a realización dos labores de cultivo necesita dun número medio de ocupados moito máis baixo tal e como se reflicte nos resultados da enquisa.

Táboa 10: Poboación ocupada na acuicultura por estrato. Ano 2013

Datos agregados	N.º empresas	Traballadores	Distribución	Media por establecemento
	N.º	N.º	%	Media
Bateas	1.998	4.052	74,2%	2,0
Parque de cultivo mariño	665	795	14,6%	1,2
Gaiolas, liñas de cultivo, granxas e criadeiros	31	614	11,2%	19,8
Total	2.694	5.461	100,0%	2,0

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

A evolución do número de traballadores dende a primeira edición de Ocupesca (ano 2011) pode observarse na táboa seguinte. A evolución no caso do estrato de bateas ven condicionada polos episodios tóxicos acontecidos durante o ano 2013 que motivaron que moitos polígonos de bateas de mexillón estivesen pechados durante periodos prolongados de tempo.

Táboa 11: Evolución da poboación ocupada na acuicultura galega por tipo de establecemento

TIPO DE ESTABLECEMENTO	ANO 2013		ANO 2011		TAXA DE VARIACIÓN	
	N.º empresas	Traballadores	N.º empresas	Traballadores	N.º empresas	Traballadores
	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º	N.º
Bateas	1.998	4.052	2.023	4.947	-1,2%	-18,1%
Parque de cultivo mariño	665	795	639	896	4,1%	-11,3%
Gaiolas, liñas de cultivo, granxas e criadeiros	31	614	19*	589*	*	*
Total	2.694	5.461	2.662	5.843	1,2%	-6,5%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013 e Ocupesca 2011

* O estrato de gaiolas, liñas de cultivo, granxas e criadeiros non pode compararse co estrato definido na primeira edición, xa que naquela ocasión non se consideraron na poboación obxectivo nin as liñas de cultivo nin as gaiolas.

2.2. OCUPACIÓN POR XÉNERO, IDADE E NACIONALIDADE

Un de cada catro empregos da acuicultura mariña é desempeñado por mulleres

O sector da acuicultura mariña deulle traballo en 2013 a 3.941 homes e 1.520 mulleres. O estrato onde atopamos unha maior presenza de mulleres entre os traballadores é o estrato dos parques de cultivo mariños.


Táboa 12: Poboación ocupada na acuicultura por xénero e tipo de establecemento. Ano 2013

Datos agregados	Total		Bateas		Parques de cultivo		Granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Homes	3.941	72,2%	3.016	74,4%	448	56,3%	477	77,7%
Mulleres	1.520	27,8%	1.036	25,6%	347	43,7%	137	22,3%
Total	5.461	100,0%	4.052	100,0%	795	100,0%	614	100,0%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

No referido á distribución por idades, o 66% teñen unha idade comprendida entre os 35 e os 54 anos e máis dun 16% supera os 55 anos.

Gráfico n.º 3: Poboación ocupada na acuicultura por tramos de idade. Ano 2013



Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

Tal e como se apuntaba no estudo Ocupesca 2011 e se confirma nesta edición da enquisa, a acuicultura mariña apenas incorpora traballadores con nacionalidade estranxeira.

Táboa 13: Poboación ocupada na acuicultura por nacionalidades. Ano 2013

Datos agregados	Traballadores	Distribución
	N.º	%
Española	5.378	98,5%
Española e outra	30	0,6%
Estranxeira	52	1,0%
Total	5.461	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

2.3. SITUACIÓN PROFESIONAL DOS OCUPADOS/AS

O 68% dos traballadores dos establecementos acuícolas galegos son traballadores por conta propia

A acuicultura mariña galega deulles traballo en 2013 a 1.418 persoas asalariadas por conta allea. Pola contra, máis do 68% dos postos de traballo son empregos por conta propia. Destaca a forte caída, en comparación co ano 2011, dos empregos por conta allea no estrato de bateas, e mantéñense estables os empregos por conta propia.

Táboa 14: Poboación ocupada na acuicultura por situación profesional e tipo de establecemento

	Bateas		Parques de cultivo		Granxas, criadeiros, liñas de cultivo e gaiolas		Total	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Conta allea	692	17,1%	116	14,6%	610	99,3%	1.418	26,0%
Conta propia	3.217	79,4%	519	65,2%	4	0,7%	3.740	68,5%
Outras situacións	143	3,5%	146	18,3%		0,0%	289	5,3%
Ns / Nc	0	0,0%	14	1,8%			14	0,3%
Total	4.052	100,0%	795	100,0%	614	100,0%	5.461	100,0%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

DATOS ECONÓMICOS

Datos económicos dos sectores da pesca extractiva e acuicultura mariña. Ano 2012

A facturación total do sector alcanzou en 2012 os 1021 millóns de euros

Os resultados da enquisa indican que o importe neto da cifra de negocios do sector obxecto de estudo alcanzou os 1021 millóns de euros, dos cales 803 millóns corresponderon á pesca extractiva e 218 millóns á acuicultura.

Na pesca extractiva a distribución por estratos foi como segue:


Táboa 15: Facturación na pesca extractiva por estrato. Ano 2012

CALADOIRO	facturación (miles de euros)	N. ^a ocupados	euros por ocupado
Caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste	286.387	10.014	28.599
Artes menores	75.627	6.718	11.257
Resto	210.760	3.296	63.944
Pesqueiras comunitarias	163.182	1.318	123.810
Pesqueiras internacionais	353.412	1.951	181.144
Total	802.981	13.283	60.452

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

A cifra de negocios na pesca extractiva incrementouse un 18,6% nos dous anos transcorridos dende 2010. Por estratos a evolución é dispar. O caladoiro nacional perde peso en Galicia e, dentro del, as artes menores achegan unha menor facturación ao sector. Se en 2010 a facturación das empresas (autónomos na súa maior parte) ascendeu a 86,7 millóns de euros, en 2012 a cifra reduciuse a 75,6 millóns.

Gráfico nº 4: Distribución da facturación por caladoiros



Na acuicultura as bateas representan o 63,6% da facturación total, mentres os criadeiros, granxas, gaiolas ou liñas de cultivo achegan o 39% do sector e a facturación dos parques de cultivo representa só o 7,4% restante.

O 59% da facturación dos buques con porto base en Galicia canalízase a través de lonxas galegas.

Para comprender a información presentada neste punto débese ter en conta que non só se está a considerar a pesca fresca. Así, o destino das vendas dos buques con porto base en Galicia é moi diferente en función do estrato considerado. No total, o 59% das vendas realízanse en lonxas galegas, os desembarcos fóra de Galicia representan o 14%, as vendas xa pactadas cun comerciante polo xunto ou intermediario un 17%, mentres que as vendas á industria da conserva e o conxelado ascende a un 9,1%

Os resultados para os tres caladoiros difiren notablemente. A lonxa en Galicia é o principal destino das vendas do caladoiro comunitario e nacional. Os desembarcos fóra de Galicia son o principal destino no caso do caladoiro internacional.

Táboa 16: Destino das vendas na pesca extractiva por estrato principal. Ano 2012

DESTINO DAS VENDAS	Total	Caladoiro nacional	Caladoiro comunitario	Caladoiro internacional
Lonxa en Galicia	58,6%	87,3%	87,4%	20,0%
Industria e hostalería	9,2%	0,4%	0,0%	21,1%
Intermediario comercial	17,5%	6,0%	5,2%	33,3%
Desembarcos fóra de Galicia	13,7%	4,6%	5,3%	25,6%
Outros	1,0%	1,6%	2,1%	0,0%
Total	100%	100%	100%	100%

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar. Ocupesca 2013

O sector achegou 562 millóns de euros de valor engadido, o que representa un 1,0% do PIB de Galicia

A partir dos resultados obtidos na enquisa podemos facer unha transformación dos datos obtidos, que responden á contabilidade empresarial, a variables de contabilidade nacional. En particular, é interesante a aproximación ao valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector, para situar o peso do sector no contexto da economía galega. É dicir, calcular o VEB do sector permítenos a comparativa co produto interior bruto (PIB) de Galicia.

O valor engadido xerado polo sector ascendeu a 562 millóns de euros, o cal representa o 1,0% do PIB de Galicia.

galicia



XUNTA
DE GALICIA